Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Os cornos de Regodagua

En Regodagua, Chaín, Gondomar (Pontevedra) hai unha pedra con gravuras. Pasou por alí un home cun burro e púxose a ler unha letanía nun libro, abriuse a pedra e apareceron moitos cornos. Cargou os cornos no burro e marchou. Polo camiño atopou unha muller e ofreceulle un dos cornos. A muller non quería aceptalo pero, por fin, despois de moito insistir o home, colleu un. E deulle un golpe ao corno e ao escachar viu que estaba cheo de ouro.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

COSTAS GOBERNA, F. J.; Petroglifos del litoral su de la ría de Vigo (Valles Fragoso y Miñor), Publicaciones del Museo Municipal □Quiñones de León□, nº 8, Vigo.

Bibliografía:

APARICIO CASADO, Buenaventura, Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega, Cadernos do Seminario de Sargadelos, 80, Edicións do Castro, Sada, 1999.